

MOCIÓN DO PSdeG-PSOE SOBRE A MELLORA DE PARQUES E XARDINS

O Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia PSdeG - PSOE, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Son moitas e diversas as queixas dos veciños e veciñasde Carballo sobre o insuficiente coidado e escasa vixilancia que presentan algúns parques e prazas do noso pobo. Algunhas destas denuncias poñen de manifesto o mal uso dos mesmos ou ao comportamento incívico das persoas, que degradan os recursos que son de todos e todas, dando un mal uso ás instalacións, producindo desperfectos de forma intencionada, ou directamente levando os cans a depositar as súas feces neles como ocorreu recentemente no parque infantil próximo ao Pazo dá Cultura e que tanta indignación produciu entre os pais dos nenos que acudiron a xogar ese día e regresaron impregnados por tales deposicions.

Atendendo á demanda social existente, propoñemos unha acción concreta orientada á mellora dos parques e prazas do pobo para solucionar parte destes problemas que expoñemos: condutas pouco coidadosas coa contorna por parte dalgúns veciños.

A fórmula que plantexamos consiste en que o Concello deseñe un proxecto ou programa educativo que implique á área de Medio Ambiente e ao colectivo educativo da nosa localidade. O proxecto levará por nome “Apadriña un parque” e poderán participar tódolos colexios do Concello que o soliciten.

A finalidade desta iniciativa é que o alumnado dos centros educativos apadriñen un parque próximo ao seu colexio responsabilizándose, aprendendo da experiencia que supón ocuparse dunha contorna pública fóra do aula e participando, dende a formación, na conservación, o coidado e o respecto polo mesmo. Trátase dun proxecto ambicioso que pode dar resultados moi beneficiosos para a convivencia social por estar ligado a comportamentos moito máis activos no coidado, a prevención e mellora da contorna.



Consideramos que o Concello de Carballo debe ser responsable do deseño das grandes liñas deste proxecto coa colaboración dos técnicos municipais e o Consello Escolar. Entendemos, ademais, que deberían ser os centros educativos os que propuxesen o seu propio calendario de actuación para non entorpecer as súas demais labores educativas.

Por todo iso, dende este grupo municipal **propoñemos:**

Primeiro.- Que o Goberno Municipal realice unha valoración inicial dos parques e xardíns que se poidan incluír neste proxecto e un sondeo da opinión dos propios escolares sobre o seu estado.

Segundo.- Que o programa sirva para intervir en mellora destas contornas, por exemplo con campañas puntuais de plantación de árbores, arbustos e outro tipo de plantas.

Terceiro.- Creación dunha canle de comunicación para que o alumnado poida, a través do seu centro educativo, trasladar ao Concello incidencias que detecten durante o transcurso do programa.

Cuarto.- Unha vez finalizado o proxecto, o Concello reconecerá o esforzo dos participantes facendo visible o seu traballo e implicación ao resto dos veciños a través da web municipal e, colocando unha placa ou panel informativo e organizando exposicións sobre o traballo realizado no propio centro educativo.

Quinto.- Informar sobre este proxecto a través do Consello Escolar, as ANPAS, centros educativos e demais colectivos implicados na educación

Carballo a 11 de febreiro do 2020.
María Carmen Vila Blanco.
Voceira Grupo Municipal Socialista.

Sr. ALCALDE DA CORPORACIÓN MUNICIPAL